

O curso “**Actualizacións de ferramentas tecnolóxicas para docentes**” de 10 horas de duración ten os seguintes obxectivos:

- Coñecer as ferramentas institucionais e o seu uso.
- Aprender a utilizar ferramentas de videoconferencia.
- Coñecer ferramentas dixitais aplicadas á docencia a distancia.

Este curso desenvolverase a través da aplicación de videoconferencia corporativa Cisco Webex Meetings a que se pode acceder a través do portal <http://eduxunta.webex.com> e tamén a través da aula virtual do seu propio centro.

Os contidos do curso son:

- Uso das ferramentas institucionais.
- Ferramentas para realizar videoconferencias.
- Xestión de aulas virtuais e contornas virtuais de aprendizaxe.
- Ferramentas dixitais para desenvolver a labor docente.

Para poder desenvolver esta formación é necesario que os participantes poidan seguir as videoconferencias a través da aplicación de videoconferencia antes mencionada. Por esta razón os participantes deberán:

- **Saber conectarse como participante á sala de videoconferencia de Webex do relator.**
 - Pode conectarse á través dun navegador accedendo á dirección que se lle subministre.
 - A mellor opción para conectar se é a través da aplicación [Cisco Webex Meetings](#) que pode descartar e instalar no seu ordenador ou no seu teléfono.

Así mesmo, no seu centro, deben crear expresamente un aula virtual para desenvolver este curso, na cal deben inscribirse ao profesorado participante. Para isto é necesario que se asegure de:

- **Ter os datos da conta de administrador da aula virtual que permite:**
 - Crear un aula virtual na que o relator figure como profesor e os participantes como asistentes.
 - Rexistrar a todos os participantes no curso.

En caso de que non poida crear esta aula virtual deberá: poñerse en contacto coa asesoría Abalar do seu centro para que lle facilite eses datos, e ou ben coa súa axuda, ou ben coda do relator, proceder a facer esas tarefas previas ao comezo do curso.

Por último, para optimizar o máximo posible o aproveitamento deste curso, **é necesario facer unha avaliación inicial** a partir da cal acordar co relator/relatora que contidos van a ser prioritarios.

A avaliación iniciar farémola a través do cumprimento da seguinte enquisa que so cubrirá a persoa directora do centro.

Enlace a enquisa: <https://forms.gle/Haup8nve1mtq8dM5A>

Cubrir inmediateamente nas próximas 24 horas

Unha vez rematada esta formación, a dirección do centro deberá certificar que o curso se desenvolver correctamente indicando que participantes cumpren os requisitos de asistencia para certificar.

Un saúdo

O asesor responsable.

Organigrama de tarefas a realiza pola dirección do centro

Descrición	Data
Envío de ficheiro cos datos dos asistentes e posibles relatores internos.	Do 20 ao 30 de abril
Responder ao cuestionario de avaliación inicial.	De Luns 4 a Martes 5 de maio
Crear na aula virtual do centro un aula para impartir o curso. Daránselle os datos ao relator para que poida editala e configurala.	Semana do 4 de maio.
Inscribir aos participantes na aula virtual – Ou facilitar que o faga o relator. (Ter en conta o tempo invertido polo relator).	Semana do 4 de maio.
Informar a todos os participantes que o curso se desenvolverá a través da plataforma de videoconferencia WEBEX , e a través da aula virtual (deben conectarse co seu <nome de usuario> e <contrasinal>)	Semana do 4 de maio.
Acordar co asesor/a e co relator/a que contidos se van a priorizar no curso.	Xoves 7 de maio.
Datas de inicio e finalización do curso	Do luns 6 ao xoves 30 de maio
Certificar o desenvolvemento do curso.	1ª semana de xuño